



## DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO TORROÑA I, NOS CONCELLOS DE BAIONA, OIA E TOMIÑO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR DESARROLLOS RENOVABLES DEL NORTE, SLU (CLAVE: 2020/0176)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1 d) que os proxectos incluídos no apartado 2 do artigo 7 serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre os proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da lei, que no seu grupo 4.g recolle os parques eólicos non incluídos no anexo I, agás aqueles destinados ao autoconsumo que non excedan os 100 kW.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que non se atopa entre os supostos de parques eólicos do anexo I e polo tanto sería obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Porén, segundo o recollido no estudo de impacto ambiental (EslA), o promotor solicitou o sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria de acordo co referido artigo 7.1 d) da Lei 21/2013, co obxecto de garantir unha correcta protección ambiental.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

### 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

#### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a empresa Desenvollos Renovables del Norte, SLU e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

#### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co EslA sometido a información pública (de data de novembro de 2021 e sinatura dixital do 19.12.2022), o proxecto consiste na execución dun parque eólico de 22,8 MW de potencia total nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra), composto por 4 aerogeneradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado e dúas torres meteorolóxicas, unha permanente e outra temporal), que se localizarán dentro do polígono definido coas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	510.025,35	4.654.030.40
2	512.496,06	4.655.155,19






Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
3	513.140,19	4.655.155,19
4	513.140,19	4.656.322,37
5	514.705,63	4.656.331,53
6	514.705,63	4.655.961,29
7	516.815,65	4.655.961,29
8	517.274,95	4.654.583,45
9	514.363,64	4.654.583,45
10	513.077,58	4.652.492,87
11	510.332,87	4.652.492,87

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 4
- Modelo previsto: Nordex N163 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 5,7 MW
- Potencia total instalada: 22,8 MW
- Altura de buxa: 148 m
- Diámetro de rotor: 163 m
- Orzamento total (execución material): 20.361.537,22 €

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, o EsIA menciona que se realizará a través da subestación 132 kV Barrantes (obxecto doutro proxecto). Tamén sinala que esta subestación se conectará á súa vez coa liña existente 132 kV Gondomar - O Rosal, propiedade de Unión Fenosa Distribución (UFD).

Inclúese a continuación un bosquejo do proxecto coa configuración final:





## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

O 7.02.2020 Desarrollos Renovables del Norte, SLU presentou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas (antiga denominación da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) unha solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto sectorial para o parque eólico Torroña I.

O 15.05.2020 a antedita dirección xeral notificou ao promotor o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 30 e 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

O 29.07.2020 o órgano substantivo, para continuar coa tramitación do procedemento de autorización do proxecto, remitiu unha solicitude para os efectos de que o órgano ambiental elaborara o documento de alcance do EsIA, de acordo ao artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Achegando para iso, xunto coa solicitude do promotor e outra documentación, o documento de inicio do proxecto de data de decembro de 2019 e o proxecto de execución de data outubro de 2019 (asinados electronicamente o 16.04.2020 e o 22.04.2020, respectivamente).

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 15.12.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, como órgano ambiental, notificou ao órgano substantivo (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) o inicio do período de consultas para determinar o alcance do EsIA que ten que elaborar o promotor, de acordo o previsto no antedito artigo 34 da Lei 21/2013. As administracións, organismos e entidades consultadas para os ditos efectos foron as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Saúde Pública
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Turismo de Galicia
- Augas de Galicia
- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
- Concellos de Baiona, Oia e Tomiño
- Federación Ecoloxista Galega
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Sociedade Galega de Ornitoloxía

Unha vez finalizado o dito período de consultas, mediante oficio do 9.03.2021 déuselle traslado ao órgano substantivo da amplitude e nivel de detalle do EsIA a elaborar polo promotor, con copia das respostas recibidas (direccións xerais de Saúde Pública e de Emerxencias e Interior; Instituto de Estudos do Territorio; Axencia Turismo de Galicia; Augas de Galicia; Concello de Tomiño e Sociedade Galega de Historia Natural; así como máis de 120 achegas ou suxestións de asociacións, particulares e outras entidades).





Así mesmo, trasladáronse unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar na AIA ordinaria (información pública e a relación de organismos a consultar sobre o EsIA) e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Con posterioridade á emisión do devandito oficio, recibíronse respostas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, ademais de varias achegas recibidas a raíz da participación pública (correspondentes á posible consideración como parte interesada no expediente), dándosele traslado ao órgano substantivo para que llas achegase ao promotor.

Logo diso, mediante Resolución do 24 de xaneiro de 2023 (publicada no DOG núm. 44, do 3.03.2023), segundo o previsto no artigo 36 da Lei 21/2013, a Xefatura Territorial de Pontevedra da entón Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, someteu a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico), en concreto, das instalacións do parque eólico Torroña I, situado nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra).

Así mesmo, a dita xefatura territorial, segundo o artigo 37 da Lei 21/2013 de forma simultánea á información pública, efectuou o trámite de consultas.

O 18.01.2024 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Entre a documentación recibida atópase o EsIA titulado *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Torroña I. Noviembre 2021 e o Modificado al Proyecto Parque Eólico Torroña I. Términos municipales: Baiona, Oia y Tomiño (Pontevedra). Diciembre 2022.* (con datas de sinatura dixital do 19.12.2022 e 29.12.2022, respectivamente), sometidos a información pública e consultas.

O 24.01.2024 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remite documentación adicional que non fora remitida con anterioridade, consistente nun informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 22.01.2024.

## 2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, cabe destacar o contido dos seguintes:
  - A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) emite un informe de data do 22.01.2024 no que logo de expoñer uns antecedentes administrativos e as consideracións legais e técnicas, efectúa unha análise da documentación recibida (o EsIA e o Proxecto sectorial sometidos a información pública) en base a cal cita unha serie de consideracións técnicas e informa desfavorablemente os aeroxeradores A2.1 e A2.2 polo impacto que producirían sobre o Camiño de Santiago-Camiño Portugués da Costa, así como sobre as igrexas parroquiais do seu contorno.





A este respecto, a DXPC indica que no Anexo H do EsIA (Avaliación do impacto arqueolóxico - Memoria II) non se identifica no ámbito de afección do parque eólico este tramo do Camiño, nin se analiza o impacto que a presenza dos aeroxeradores causaría sobre este. Engade, ademais, que no Anexo D do EsIA (*Estudio de impacto e integración paisaxística*, EIIP) tampouco se inclúe a análise visual con infografías no tramo do Camiño de Santiago entre Oia e Laxe (O Rosal), tal e como se requiría no informe da DXPC do 16.03.2021 sobre o alcance e contido do EsIA do PE Torroña I. Con todo, pódese observar polas infografías achegadas, o relevante impacto visual orixinado polos dous aeroxeradores máis próximos á costa (A2.1 e A2.2), impacto que se estende ás igrexas parroquiais de Vilardesuso e Pedornes. Neste contexto, menciona que tampouco se achega a análise visual requirida coas infografías para valorar o impacto visual das infraestruturas do parque eólico sobre o ben de interese cultural (BIC) Mosteiro de Santa María de Oia, respecto ao cal soamente se indica que desde o mosteiro non se vería ningún aeroxerador do parque eólico.

Esta dirección xeral destaca tamén, que nesa zona do Camiño Portugués da Costa non hai ningún parque eólico en funcionamento ou autorizado e os que estaban en tramitación obtiveron DIA desfavorable, ou desistiron da súa solicitude, polo que a execución do PE Torroña I, e sobre todo dos aeroxeradores A2.1 e A2.2, orixinaría unha importante alteración da paisaxe, introducindo novos elementos de grande envergadura alleos á paisaxe existente que danaría os valores culturais e o entorno rural que o caracteriza, que deben ser obxecto de salvagarda.

Asemade considera que, tal e como se indica no citado Anexo H do EsIA, a posición do aeroxerador A1.2 e as infraestruturas vinculadas a este non son compatibles coa protección e conservación do patrimonio arqueolóxico, polo que tamén emite un informe desfavorable das mesmas.

Continúa o seu informe considerando que a referida memoria do Anexo H do EsIA non localiza nin avalía a totalidade dos elementos arqueolóxicos que se poderían ver afectados, nin todos os impactos potenciais sobre estes e, por tanto, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, é necesario corrixila e completala nos aspectos que deseguida se indican, e por esta razón as infraestruturas eólicas proxectadas que poderían afectalos directamente (en concreto, os aeroxeradores A2.1 e A2.2, a campa de acopios e oficinas), quedan pendentes de aprobación. Xa que logo, é necesario:

1. Realizar unha prospección arqueolóxica intensiva dos novos elementos arqueolóxicos comunicados polo Instituto de Estudos Miñoráns nas fichas incluídas no seu escrito de denuncia presentado o 27.02.2023 ao abeiro do trámite de información pública, onde dá conta de, cando menos, dezaseis elementos arqueolóxicos inéditos que non foron tidos en conta no EsIA do PE Torroña I (varios gravados rupestres e un túmulo) e que poderían verse directamente afectados pola implantación dos aeroxeradores A1.2, A2.1 e A2.2 e demais infraestruturas do parque eólico como a campa de acopios e oficinas, a gabia do cableado e os vieiros proxectados. A este respecto, as fichas destes elementos foron remitidas para a súa consideración e inclusión nos arquivos da DXPC.  
Dado que algúns deste novos elementos son identificados como gravados rupestres con motivos que poden considerarse pertencentes ao grupo da arte rupestre atlántica, cómpre lembrar que en virtude do artigo 94.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, todas as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre teñen a consideración de bens de interese cultural (BIC), isto é a máxima categoría de protección contemplada na lei e, por tanto, están sometidos ao réxime xurídico de protección que para estes bens establece a lei.





Estes datos deben ser debidamente contrastados e verificados en campo, e avaliados para completar o EslA do parque eólico. Para verificar e documentar estes gravados usaranse técnicas complementarias de documentación (fotogrametría e fotografía nocturna con luz artificial). Asemade se empregarán estas metodoloxías de documentación en todos os afloramentos e rochas que estean directamente afectadas polas obras proxectadas e que, de se realizar estas, suporían a súa desaparición, co obxecto de evitar que se destrúan petróglifos non detectados na prospección superficial.

A consideración como BIC dos gravados rupestres será relevante á hora de avaliar os posibles impactos, polo que se adianta que os contornos de protección daqueles que sexan verificados e contrastados deberán quedar libres de obra nova, e tamén se avaliarán os que poidan impedir ou deturpar a apreciación dos bens dentro do seu contorno (artigo 53 da LPCG).

2. Verificar en campo as anomalías detectadas e indicadas nas consideracións técnicas recollidas ao longo do informe, dado que poderían tratarse de novos xacementos arqueolóxicos (túmulos). De confirmarse a natureza arqueolóxica destas, completárase o EslA coas valoracións de impacto oportunas, e aquelas modificacións e medidas correctoras que se consideren axeitadas, así como a entrega dos datos dos posibles novos xacementos arqueolóxicos nos modelos normativizados (fichas de inventario).
3. Aclarar onde se proxecta finalmente a subestación do PE Torroña I e, consecuentemente, o trazado da liña de evacuación, e revisaranse en campo e avaliarán as zonas de implantación e desenvolvemento desas infraestruturas. Cuestión suscitada ao recoller na documentación achegada que a enerxía xerada por este parque eólico sería evacuada á SET Barrantes pertencente ao PE Albariño I, do cal constátase que o 7.09.2022 obtivo unha DIA desfavorable.
4. A respecto destas novas avaliacións complementarias, que se consideran necesarias, anticipábase que os contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos que sexan verificados e contrastados en campo deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico coma de zonas de amoreamento de materiais. Todas as modificacións no deseño do parque eólico e as novas posicións das infraestruturas deberán ser avaliadas en campo por persoal técnico competente (arqueólogos/as).
5. Realizar e presentar un estudo de incidencia visual das infraestruturas eólicas proxectadas (aeroxeradores, infraestruturas asociadas e liña de evacuación) sobre os seguintes xacementos arqueolóxicos:
  - Conxunto de petróglifos do Viveiro/Auga do Cebros e, especialmente, O Viveiro 1.1/ Auga dos Cebros (GA36036045), gravado rupestre de especial relevancia.
  - Conxunto de petróglifos de Alto da Pedreira.
  - Petróglifo da Pousadela 1 e 2/ Pedra dos Chetos (GA36036003).

Incluiranse infografías desde diversos puntos nas que se visualicen os bens en relación co parque eólico proxectado e os montes que os arrodean, que permitan valorar o impacto visual das infraestruturas.

En previsión dos fortes impactos visuais sobre algúns dos bens indicados (incluídos os valorados no EIIP pola súa condición de LEIP, A Cabeciña, Cano dos Mouros, Castro de Chavella e Castelo de Torroña), estudarase eliminar as infraestruturas máis importantes e/ou establecer medidas que corrixan e compensen os impactos visuais que se producirán.





6. Respecto das obras proxectadas en vieiros e gabias do cableado deseñadas dentro do ámbito de protección de xacementos arqueolóxicos, deberase garantir que, coas características actuais das vías é suficiente para facilitar o transporte sen anchar nin realizar desmontes ou calquera obra que leve consigo remocións de terras; e para as gabias garantirase que as obras restrinxiranse a escavalas polas cunetas ou marxes da vía, dentro das caixas destas, e sen anchealas nin realizar modificacións que supoñan desmontes. Para iso, suxírese, na medida do posible, empregar a rede de viaria asfaltada existente na zona, no lugar de camiños e pistas forestais que discorren polo contorno de protección de elementos arqueolóxicos.

As modificacións e solucións técnicas que se propoñan deberán acompañarse da análise de viabilidade técnica das alternativas proxectadas e, de ser o caso, coa xustificación de que as solucións propostas dentro dos ámbitos de afección dos xacementos arqueolóxicos son as únicas tecnicamente viables. Así mesmo, deberase incluír unha documentación gráfica ilustrativa destas solucións que sexa clara e comprensible, e que permita facer un diagnóstico sobre as modificacións formuladas dentro dos referidos contornos de protección.

Todo o anteriormente indicado emendarase e definirase polo miúdo nos seguintes casos:

- Necrópole das Mámoas do Areeiro 1, 2, 3 e 4 (GA36036018, -031, -032 e -064).
- Explotacións mineiras Os Buracos dos Mouros (GA360054072) e Os Muros (GA36054086).
- Petróglifos do Campo do Ceno 1 e 2 (GA36036174 e -175).
- O Faro.

7. No que respecta a varios elementos do patrimonio cultural, a DXPC informa o seguinte:

- Para as mámoas que conforman a citada necrópole do Areeiro (GA36036018, -031, -032 e -064), tamén se deberá ter en conta o ditaminado no informe da DXPC sobre o EslA e o Proxecto sectorial do PE Albariño I, agás no que atinxía á Mámoa 1 do Areeiro (GA36036018). Indicárase que neste túmulo, polo seu estado de conservación, era necesario realizar unha intervención arqueolóxica como medida compensatoria, que valorase o seu estado de conservación, e propuxese unhas accións protectoras que impedisen que se agravase a súa deterioración. Por tanto, tamén deberá recollese como medida específica.
- Para o recinto do Faro, entregarase unha ficha de inventario en modelo normativizado na DXPC para incluílo no inventario do sistema de Xestión de Recursos do Patrimonio Cultural de Galicia (Xerpa). Como medida correctora, requírese realizar un estudo máis pormenorizado do sitio para caracterizalo de xeito máis preciso, que deberá incluír rozas de vexetación para inspeccionar os terreos. No referente á pista de acceso, non se poderán realizar modificacións da mesma e a gabia do cableado deberá ir sobre a pista existente, polo lado máis afastado deste sitio. Asemade, realizarase un control e seguimento arqueolóxico a pé de obra do replanteo e das remocións de terra e deste modo documentar posibles vestixios que permitan identificar con maior detalle esta entidade. No caso de documentárense restos relevantes, comunicaráse decontado á DXPC, o que podería dar lugar a modificar o proxecto e establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias.
- Para a área de control específico Cruz de Pao, entregarase unha ficha de inventario en modelo normativizado como referencia arqueolóxica, para incluíla no inventario do Xerpa, á espera de poder verificar a súa entidade arqueolóxica. Recoméndase realizar entrevistas etnográficas a xente dos lugares máis próximos sobre os posibles usos dese espazo e identificar a súa función.





- Para a área de control específico Leira do Trigo, documentarase con precisión este sitio para evitar alterar e/ou destruír as estruturas asociadas. Preverase a realización dun control e seguimento arqueolóxico a pé de obra do replanteo e das remocións de terras pra documentar posibles vestixios que permitan identificar con maior detalle esta entidade. Entregarase unha ficha de inventario en modelo normativizado como referencia arqueolóxica, para incluíla no inventario do Xerpa, á espera de poder verificar a súa entidade arqueolóxica.
8. Presentar unha cartografía de detalle e a unha escala axeitada que permita identificar, visualizar e valorar adecuadamente todas as obras proxectadas, así como os elementos do patrimonio cultural afectados e as zonas de cautela indicadas. A este respecto, entregaranse planimetrías coas características técnicas sinaladas pola DXPC onde se reflicten tanto as infraestruturas eólicas que deberán modificarse como os elementos do patrimonio cultural que se documenten no estudo, cos seus contornos de protección correspondentes.
  9. Incluír no EslA o marco legal relacionado co patrimonio cultural.
  10. Con carácter previo ao inicio das obras, deberá indicarse cal é a ruta de acceso fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais e, de ser necesario modificacións para o paso do transporte especial (rectificación de curvas, incremento de anchos, cunetas, modificacións de firme, podas, etc.), concretar as actuacións e identificar os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, valorando a posible afección aos elementos e aos seus seus contornos, e establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Polo demais, e sen prexuízo das emendas anteriormente indicadas que cómpre realizar, informa que o resto das infraestruturas son compatibles coa adopción das medidas correctoras establecidas no referido Anexo H do EslA, e cita outras condicións e medidas a ter en conta no caso de que o proxecto obteña unha DIA favorable (realización dun especial seguimento dos traballos previos de roza e replanteo no tocante aos valados de pedra feitos coa técnica tradicional de pedra en seco, realización dos traballos de construción baixo control e seguimento arqueolóxico, inspección intensiva dos afloramentos rochosos afectados que puidesen albergar gravados rupestres, prioridade á conservación in situ dos novos elementos arqueolóxicos achados, certificación do estado final dos elementos culturais ao remate das obras, etc.). E tamén inclúe as consideración e medidas respecto ao proxecto sectorial.

Finalmente, a DXPC sinala que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en BIC ou catalogados, así como nos seus contornos de protección ou, de ser o caso, zonas de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e para iso, a entidade promotora ou os concellos afectados deberán remitir o correspondente proxecto técnico para a súa autorización previa á conexión das licenzas municipais urbanísticas.

O órgano substantivo remitiulle o dito informe ao promotor, sen que conste no expediente unha resposta por parte deste.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) emite informe o 14.03.2023 no que tras citar uns antecedentes e definir o marco legal, efectúa unha descrición do proxecto, do contido do EslA (novembro 2021) e das características da paisaxe afectada. Analiza logo o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística.







Neste sentido, o IET sinala que en base ao estudo da visibilidade realizado no EIIP como no estudo de sinerxías (anexo K do EsIA), se constata un forte impacto sobre as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) da Serra da Groba, Corroubelo e Chan da Valga, así como sobre os miradoiros e LEIP próximos, o Camiño de Santiago (Camiño Portugués da Costa) e as rutas de sendeirismo. Ademais do impacto visual, a AEIP Serra da Groba verase afectada polas obras de acondicionamentos dos camiños de acceso e o trazado da rede de evacuación da enerxía, afectando a este territorio, no cal a día de hoxe non existe ningún parque eólico en explotación ou autorizado, diminuíndo drasticamente o valor estético, natural e panorámico da contorna.

Engade ademais, que as medidas preventivas e correctoras propostas no EIIP e no plan de restauración (anexo J do EsIA) enfócanse principalmente en minimizar a afección sobre os terreos nos que se implantarán as infraestruturas, así como da súa posterior restauración e recuperación. Estas medidas non abundan para reducir ou evitar os anteditos impactos visuais.

Con todo, conclúe que o emprazamento dos aeroxeradores de 230 metros de altura total nunha serra moi próxima ao litoral onde na actualidade non existe ningún parque eólico en funcionamento ou autorizado, suporía introducir uns elementos cuxo tamaño, deseño e cor contrastan frontalmente cos elementos conformadores que caracterizan a paisaxe de acollida, singularizada por escenas de alto valor paisaxístico, destacando pola súa relevancia as referidas AEIP Serra da Groba, Corroubelo e Chan de Valga, así como a presenza de numerosos miradoiros e LEIP próximos, ou o Camiño de Santiago (Camiño Portugués da Costa) e a Senda dos Faros que discorren polo litoral, cuxos valores estéticos e panorámicos veranse afectados de forma drástica transformando de forma irreversible a paisaxe neste territorio. Así mesmo, os aeroxeradores, particularmente os máis occidentais, localizados na cornixa costeira adquirirán un evidente e predominante protagonismo interferindo nas vistas dende os núcleos de poboación, estradas e outros puntos singulares de observación do bordo costeiro. Este impacto non pode ser mitigado con ningún tipo de medida correctora, polo que para os efectos do disposto no artigo 33.1.d) do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio), pode resultar crítico.

O promotor responde ao dito informe cun escrito do 11.01.2024 no que efectúa diversas consideracións ao seu contido e, en esencia, manifesta o seu desacordo.

Neste contexto, sinala que o IET non realiza ningún estudo ou valoracións de carácter obxectivo cando conclúe que a afección pode resultar crítica a efectos do artigo 33.1.d) do RLPPG e non pode mitigarse con ningún tipo de medida correctora. E centra o seu escrito na aplicación dunha serie de normas xurídicas (principalmente, a Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso da enerxía de fontes renovables, o Regulamento (UE) 2022/2577 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de decembro, polo que se establece un marco para acelerar o despregamento de enerxías renovables e a Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medias fiscais e administrativas), que sen perder de vista a protección medioambiental e paisaxística, obrigan a acadar determinados obxectivos en materia de política enerxética. Así, conforme á normativa sinalada, o promotor expón que hai unha obrigación de priorizar a construción do proxecto por concorrer interese público superior, pois do contrario incorreríase nunha grave vulneración do ordenamento xurídico ao ignorar unha norma que non só é de aplicación directa dende a súa entrada en vigor, senón que ten primacía sobre o dereito nacional.





No entanto, o promotor remata declarando a súa disposición a realizar, valorar e traballar conxuntamente coa Administración en calquera tipo de medida complementaria ou correctora técnica, ambiental e economicamente viable (incluíndo a modificación da altura dos aeroxeradores).

- Respecto dos restantes informes incluídos no expediente remitido polo órgano substantivo, pódese indicar resumidamente o seguinte:
  - A Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN) emite un informe de data do 27.11.2023, no que primeiramente expón uns antecedentes administrativos e un resumo do proxecto, e continúa cunha análise da documentación describindo o entorno, destacando que dentro da poligonal, a escasos 630 metros das infraestruturas do parque eólico (plataforma do aeroxerador A1.1), se localiza o espazo natural protexido Sobreiras do Faro, formación que ostenta a figura de espazo privado de interese natural (EPIN) e está incluída no Catálogo galego de árbores senlleiras, as canles fluviais coa indicación das instalacións máis próximas a estas e os cruzamentos, os hábitats naturais de interese comunitario e prioritarios presentes (4030, 4090, 8230 e 4020\*), as especies de flora e fauna incluídas no catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) que coincidirían coa cuadrícula UTM 10x10 km na que se sitúa o proxecto (o que proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise) e a inclusión do proxecto dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher), nunha área tipificada como potencial; polo demais, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais, tampouco afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no Inventario de húmidas de Galicia (aínda que destaca a proximidade das instalacións do parque á zona húmida inventariada 114041 e a existencia de varias formacións turbosas dentro da poligonal), nin a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión publicadas na Resolución do 18 de outubro de 2021 da DXPN.

Ademais, fai unha serie de observacións sobre o EsIA respecto á hidroloxía, aos hábitats e á fauna, sendo as máis relevantes as que fan referencia á zona húmida Cruz de Pau, que a pesar de que se estima que o parque eólico non afectará á alimentación hídrica desta zona, considérase conveniente, para evitar calquera alteración da alimentación da zona paraturbosa, que o aeroxerador A1.2 se desprace lixeiramente cara ao oeste, de modo que todas as obras queden fóra da conca vertente da zona húmida Cruz de Pau. Inclúe tamén consideracións sobre as medidas protectoras e correctoras propostas no EsIA relacionadas coa vexetación e a fauna, apuntando que son escasas, xenéricas e mesmo sen aplicación (como acontece coas indicacións relativas á liña aérea de evacuación, cando o proxecto non inclúe ningún tramo de liña aérea), asemade non están detalladas a nivel técnico nin constan no orzamento, tal e como exige a Lei 21/2013, de avaliación ambiental.

O informe incorpora logo un apartado sobre os efectos acumulativos e sinérxicos, onde a DXPC recolle primeiramente un resumo do anexo K do EsIA (*Estudio de sinergias*), e continúa coa análise e valoración que esa dirección xeral fai a este respecto, indicando que o proxecto se sitúa nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación achegada, conclúe que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que emite informe favorable, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas recollidas na documentación achegada e unha serie de condicións expostas no dito informe, entre as que cabe destacar: o desprazamento do aeroxerador A1.2 cara ao oeste, de modo que as obras queden fóra da





conca vertente da zona húmida Cruz de Pau; a aplicación de medidas adicionais para a protección da avifauna e dos quirópteros que garantan a minimización do impacto por colisión, que se citan no informe; e a incorporación no plan de vixilancia ambiental da avaliación tanto do impacto do parque eólico por colisión sobre as aves e os quirópteros, aplicando as indicacións recollidas no anexo que se xunta ao respecto, como da efectividade das medidas requiridas ao longo do informe.

Para finalizar, remata o informe con dous anexos, un sobre as especificacións técnicas do estudo para a minimización do impacto por colisión con aeroxeradores nos morcegos en Galicia, e o segundo recolle as condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control de mortalidade por colisión en parque eólicos durante a fase de explotación .

En resposta ao anterior, o promotor presenta un escrito do 11.01.2024 onde expón o seguinte:

- En relación ás paradas dos aeroxeradores indicadas no informe da DXPN, procederá á realización dun estudo do uso do espazo por parte dos quirópteros, co obxecto de determinar a presenza e abundancia deste tipo de fauna no entorno dos aeroxeradores, e en base aos resultados obtidos deseñárase un protocolo de actuación para determinar, se fose o caso, as medidas preventivas e correctoras pertinentes.
  - No tocante ás afeccións ao ámbito de dominio público hidráulico (DPH), serán tidas en conta todas as consideracións feitas sobre a base dos informes sectoriais emitidos polos respectivos organismos de conca (Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica do Miño-Sil). Calquera modificación sobre o DPH e as súas zonas de protección precisarán da súa previa autorización.
  - Sobre a zona paraturbosa de Cruz de Pau, sinala que está suficientemente lonxe da implantación do aeroxerador A1.2, non sendo previsible ningún tipo de afección pola súa execución. Ademais, entre as infraestruturas do proxecto e a zona cartografada de Cruz de Pau existe a estada EP 2202 que intercepta a totalidade da conca vertente. Por outra parte, a conca interceptada polas actuacións asociadas á instalación do dto aeroxerador é de moi pequena extensión e con escasa pendente.
- A Dirección Xeral de Saúde Pública, no seu informe do 20.02.2023, expón que este se realizou avaliando se no ESI se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana, Sinala que é importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso debe existir unha vía de exposición completa. Ademais, o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os padróns establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A continuación, efectúa unha avaliación do posible impacto do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos, identificación das posibles vías de exposición e, no seu caso, avaliación da necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.





Tras desenvolver as cuestións anteriores, conclúe que logo da análise da documentación achegada e a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, infórmase favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan no informe relativos ao ruído ambiental (achega dun estudo acústico en fase de obras e en fase de explotación, así como das medidas correctoras de ser preciso) e ao parpadeo de sombras (presentación do estudo do posible efecto parpadeo de sombras no caso real, no que os limiares establecidos por esa dirección xeral son de 8 horas/ano).

Finalmente, subliña que no caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentado en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con data do 30.01.2023, emite informe no que sinala que se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, e que as medidas de prevención incluídas son suficientes, todo iso sen prexuízo de que se o proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2020, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular do proxecto deberá elaborar, implantar, manter e revisar o correspondente plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O promotor responde cun escrito do 11.01.2024, onde manifesta a súa conformidade co dito informe e comunica que o plan de autoprotección indicado será presentado previo inicio da actividade do parque eólico Torroña I.

- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal emite un informe dende o Servizo de Montes de Pontevedra de data 28.02.2023, no que tras efectuar unha posta en antecedentes e as consideracións legais e técnicas, informa da existencia dun acordo entre as CMVMC de Viladesuso e de Tomonde para aprobar un novo deslinde entre ambas as dúas comunidades e que como resultado do mesmo, toda a ocupación do aeroxerador A2.1 e súa infraestrutura asociada quedaría instalada segundo o proxecto en terreos da CMVMC de Viladesuso. Asemade e de acordo cos datos do Servizo de Montes, será necesario un informe do dito servizo sobre a compatibilidade ou incompatibilidade de ambas utilidades públicas. Tamén lembra que existen axudas públicas en terreos dunha das comunidades de montes afectadas polas obras, cuns compromisos de mantemento que sería preciso revisar. Tamén indica que se deberá cumprir coa normativa de prevención de incendios forestais, dado que algunhas instalacións do parque supoñen certo risco de incendio forestal (como os aeroxeradores), e mesmo poden afectar a infraestruturas de defensa contra o lume. Razóns polas que ese servizo estima que o proxecto debería ser informado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- A Dirección Xeral de Defensa do Monte emite un informe con data do 27.01.023, no que tras detallar uns antecedentes e unha serie de consideracións legais e técnicas sobre a documentación achegada, informa favorablemente o proxecto do PE Torroña I, condicionando a súa execución coa construción dun novo punto de auga para carga de helicópteros de extinción de incendios forestais, dado que se incumpre a distancia mínima de seguridade entre o punto de auga con código 36036035 e o aeroxerador A2.2. A dita obra realizarase conforme ás características técnicas e dimensións empregadas polo SPIF (Servizo de Prevención de Incendios Forestais) para este tipo de infraestruturas, e na localización consensuada co Distrito Forestal XVIII Vigo-Baixo Miño.





- A Axencia Turismo de Galicia, con data do 2.05.2023, emite un informe no que fai unha exposición de antecedentes, un resumo do proxecto e unha descrición da súa contorna, para logo analizar o contido do EslA, os efectos do proxecto sobre o turismo e as medidas protectoras e correctoras propostas.

Con todo, conclúe cunha relación de observacións sobre a documentación achegada e cunha serie de consideracións que se deberán ter en conta para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona. Engade que o promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico (como medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hostaleiros situados a menos de dous quilómetros dos aeroxeradores, ou simulacións das horas de parpadeo de sombras recibidas naqueles establecementos hostaleiros localizados a menos de 10 veces o diámetro do rotor dos aeroxeradores). Sinala ademais, que estas medidas non necesitarán ser sometidas a novo informe desta axencia.

- Augas de Galicia emite un informe, con data do 3.04.2023, no que, logo de recoller uns antecedentes e citar a lexislación de aplicación, continúa cunha análise da documentación achegada (EslA e separata técnica do proxecto), centrándose na descrición do proxecto, na rede fluvial da área (detallando as afeccións detectadas no medio hídrico), nas zonas protexidas (cita as máis próximas, entre as que cabe destacar a AEIP Serra da Groba e o perímetro de augas minerotermais Augasana afectadas pola gabiá de conexión entre o aeróxedor A1.1 e a SET e infraestruturas asociadas), nas zonas inundables (sinala que non hai afección) e nos aproveitamentos hídricos (constan algunhas captacións no ámbito de actuación considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras).

Segue cun apartado de consideracións sobre as accións do proxecto susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, inclúe unhas condicións particulares a ter en conta no desenvolvemento do proxecto e remata sinalando que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos atendendo as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar, e sempre que se consideren as directrices que figuran tanto no seu informe como na documentación avaliada. Tamén destaca que unha parte das instalacións proxectadas se localizan no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, polo que se debería consultar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con data do 28.02.2023, emite un informe onde recolle primeiramente uns antecedentes, entre os cales, fai referencia a un informe previo emitido por este organismo dentro do trámite de actuacións previas previsto no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, relativo ás consultas para a elaboración do documento de alcance do EslA. Continúa cunha descrición e cun resumo da localización do proxecto; neste senso, destaca que parte da subestación está dentro da zona de policía, así como dous tramos da gabiá do cableado, un deles mesmo poderían afectar á zona de servidume dun rego innominado. Finalmente, remata manifestando que mantén as conclusións recollidas no citado informe previo, ao que engade unha serie de consideracións respecto ás posibles afeccións ao dominio público hidráulico, zonas de policía e servidume de leitós (en particular, autorizacións administrativas previas e faixas de xestión de biomasa), á calidade das augas superficiais e/ou subterráneas e aos vertidos.

O promotor responde cun primeiro escrito do 30.05.2023, onde manifesta a súa conformidade co dito informe, no entanto, fai unhas matizacións sobre este no que respecta á correcta definición do trámite para a súa emisión (ao abeiro do artigo 37 da referida Lei 21/2013) e á actualización da área de xestión de biomasa nas instalacións de





producción de enerxía eléctrica eólica (definida na nova redacción do artigo 20.bis.c) da Lei 3/2007, do 9 abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia). Posteriormente, o 11.01.2024, o promotor presenta un segundo escrito, no que reitera a contestación dada no seu escrito de maio de 2023.

- O Concello de Oia emite un informe técnico asinado polo arquitecto técnico municipal, con data do 10.03.2023, que recolle varias cuestións de carácter urbanístico dos terreos afectados polo proxecto e a necesidade de obter a autorización ou informe favorable dos órganos sectoriais correspondentes con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica.

No tocante ao proxecto de execución e ao EsIA, informa que o concello non dispón de ordenanza municipal de rúidos (estando ao disposto na normativa vixente na materia), e sinala as deficiencias observadas nos documentos citados, principalmente relativas á xustificación de distintas normativas de aplicación (destacando a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia).

O promotor responde ao dito informe cun escrito do 11.01.2024, onde expón que no marco regulador autonómico (en concreto, Lei 8/2009, do 22 de decembro e Lei 2/2016, do 10 de febreiro), en solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente. Así mesmo, manifesta que dará cumprimento ao marco normativo vixente en relación co mantemento das faixas de protección de biomasa (Lei 3/2007, do 9 de abril).

- O Concello de Tomiño emite un informe técnico asinado polo arquitecto técnico municipal, con data do 16.03.2023, onde define a parte das actuacións do proxecto que se desenvolverán nese concello e a situación e condicións urbanísticas vixentes, e continúa cunha análise da documentación achegada (proxecto de execución e separata, EsIA e proxecto sectorial de incidencia supramunicipal). Do EsIA, considera insuficientes a identificación, descrición e análise das afeccións do proxecto sobre determinados elementos do medio e a descrición dalgunhas características do proxecto. Indica tamén que non se detalla suficientemente as medidas propostas para mitigar os efectos derivados da implantación do proxecto de cara a poder avaliar a súa eficacia, limitándose en bastantes casos a ser unha mera declaración de intencións. E en relación cos efectos acumulativos e sinérxicos, considera que se debería xustificar a tramitación fragmentada daqueles parques eólicos que van compartir instalacións comúns (como sucede coa subestación transformadora) e non a realización dun estudo ambiental conxunto.

Por último, e co obxecto de deixar constancia para os efectos oportunos, fai mención á SET Barrantes 132 kV prevista para a evacuación da enerxía xerada polo parque eólico, a cal estaba en trámite de autorización administrativa previa e de construción ao estar incluída no proxecto do PE Albariño I, o cal foi denegado segundo Resolución do 11 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

- A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) remite á unidade tramitadora un escrito con data do 27.01.2023, onde expón unha serie de cuestións xenéricas relacionadas cos parques eólicos e coas liñas eléctricas de evacuación ou distribución, e solicita que non se acepte o EsIA e se exixa ao promotor a redacción dun novo documento que recolla as consideracións feitas por esta sociedade no seu escrito (avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos de todos os parques eólicos "Torroña" que están a proxectar, das posibles afeccións do proxecto sobre diversos factores ambientais, da alternativa da liña de evacuación, ....).





En resposta ao anterior, o promotor achega un escrito de data do 11.01.2024 no que sinala o carácter xenérico do escrito da SGHN, non específico sobre o proxecto do PE Torroña I, e formula unha serie de manifestacións nas que trata as cuestións sinaladas pola SGHN, indicando os apartados do EsIA onde recolle cada un dos ditos asuntos.

- Para todos os informes antes indicados, agás nos casos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Concello de Tomiño, constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou, de ser o caso, de resposta ao seu contido.
- Doutra banda, non consta que o Concello de Baiona emitira informe sobre o EsIA, achegando o órgano substantivo a solicitude de informe efectuada pola unidade tramitadora, quen considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a súa emisión. Tamén nos remiten, en calidade de persoas interesadas, tres solicitudes de informe.
- Así mesmo, consta o informe técnico do 18.01.2024 da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Industria e Innovación na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle, entre outras cuestións, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública. Inclúe, ao respecto, un resumo dos informes obtidos no trámite de consultas e a relación de alegacións presentadas durante a información pública.
- No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan 1.895 alegacións presentadas por diversas asociacións, entidades locais, comunidades de montes, organizacións varias e particulares, que en sentido amplo versan sobre os valores naturais da Serra da Groba, o patrimonio cultural e Camiño de Santiago, a paisaxe, o patrimonio natural e a biodiversidade, a rede hidrolóxica e calidade das augas, o solo, cuestións de índole normativa, etc. Tamén convén indicar que moitas delas conteñan aspectos alleos ao ámbito competencial do órgano ambiental, que non atinxen ao ámbito da avaliación de impacto ambiental de proxectos ou que son competencia do órgano substantivo no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións. Tamén constan as respostas do promotor a todas as alegacións recibidas.





### 3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Instituto de Estudos do Territorio sobre as repercusións negativas sobre o patrimonio arqueolóxico e a paisaxe, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular a declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto.

Manuel Díaz Cano  
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos  
(asinado electronicamente)

Conforme  
Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental  
(asinado electronicamente)

---

### RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do PE Torroña I nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitirase ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co apartado 4 do artigo 41 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
(asinado electronicamente)

